


Luns, 4 de Abril de 2018



Biblioteca Fina Casalderrey
CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares

Benqueridos amiguiños e amiguiñas:

Chega abril; algo marabilloso, porque este mes celébrase o **Día do libro**. Será o luns, día 23. Por iso, faremos moitas actividades que axudarán a entender a importancia dos libros:

- Dende o día **17 ata o 20**, “**Ti tamén contas**”. Virán ao cole familiares e nos achegarán ao mundo dos contos.
- O día **20**, celebraremos a actividade de “**Padriños e madriñas lectores**”. Os nenos-as de 1º e 2º baixarán a narrar contos ao cole de Infantil.
- O día **23**, organizaremos un “**Bibliopicnic**”; sentados nun mantel, mergullarémonos en emocionantes lecturas.
- O día **25**, os rapaces e rapazas de 6º, agasallarán a cada aula coa actividade do “**kamishibai**”, preparada por eles mesmos.
- Tamén estamos a desenvolver un **concurso de adiviñas**, que nos vindeiros días poderedes ver nas paredes da aula de música.
- O prazo para presentar a **portada da revista escolar** remata o **día 16 de abril**.
- Por último, lembrade rematar os **microrrelatos** para o concurso organizado polo centro cultural.

Apertas primaverais para todas e todos!